



MEMORIA 2016

Terminado o exercicio 2016 e como vén sendo costume preséntase a Memoria do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense correspondente ao ano 2016, na que se ofrece unha visión conxunta do traballo desenvolvido por este órgano obrigatorio, caracterizado pola súa independencia técnica, profesionalidade e gratuidade, que contribúe a garantir a legalidade das actuacións tributarias e de recadación municipal e a seguridade xurídica dos seus contribuíntes.

As estatísticas que se mostran a continuación inclúen un cadro resumen global da actividade do Tribunal, un relativo aos acordos ditados nas reclamacións económico-administrativas, unha clasificación en función das materias impugnadas e un indicativo do período recadatorio das débedas obxecto das reclamacións.

CADRO I. RESUMO GLOBAL DO 2016

TOTAL EXPEDIENTES TRAMITADOS	121
RECLAMACIÓNS REXISTRADAS	104
RECLAMACIÓNS RESOLTAS	113
DITAMES	2
INFORMES	6
RECLAMACIÓNS PTES. RESOLUCIÓN	88
RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS	6

- As reclamacións económico-administrativas rexistradas no 2016 foron 104, manténdose a tendencia de litigiosidad moderada dos dous últimos exercicios.
- O número total de expedientes tramitados nas nove sesións celebradas no exercicio pasado polo Pleno do Tribunal foi de 121, sumando ás reclamacións económico-administrativas resoltas (110), unha solicitude de prescrición de débedas, un recurso extraordinario de revisión, un recurso contra a execución, dous ditames e os informes evacuados a petición da Recadación Municipal consecuencia de procedementos concursais (6), afianzándose un prazo de resposta ás reclamacións lixeiramente inferior ao legalmente previsto.
- Os ditames emitíronse sobre o proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles e sobre a proposta de acordo de imposición e ordenación da Contribución Especial para a ampliación do Servizo Público de Extinción de Incendios do Concello de Ourense.
- As reclamacións resoltas que se reflicten no no cadro I, inclúen as tramitadas ata o mes de decembro de 2016, e correspóndense coas presentadas nos exercicios 2014, 2015 e 2016, de acordo co seguinte detalle:

2014	2015	2016	TOTAL RESOLTAS
2	95	16	113

CADRO II. RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

	TOTAL RECLAMACIÓN	%
ESTIMACION TOTAL	13	11,6
ESTIMACION PARCIAL	4	3,6
DESESTIMACION	76	67,2
ARQUIVO SATISFACCION EXTRAPROCESUAL	5	4,4
INADMISIBILIDAD	15	13,2

- As resolucións de inadmisibilidade producíronse como consecuencia da interposición extemporánea das reclamacións (7), por falta de competencia do Tribunal (7) e por un suposto de *cousa xulgada administrativa*.

CADRO III. CLASIFICACIÓN POR MATERIAS

	TOTAL RECLAMACIONES	%
IBI	21	18,6
IVTM	11	9,8
IIVTNU	18	15,6
IAE	4	3,6
ICIO	1	0,9
TAXAS	19	16,9
SANCIÓNES TRIBUTARIAS	1	0,9
SANCIÓNES TRÁFICO	34	30,1
OUTROS	4	3,6

- Do cadro III despréndese que as reclamacións resoltas corresponden principalmente a liquidacións tributarias por IBI, IVTM, IIVTNU, así como a sancións en materia de tráfico.
- No concepto taxas inclúense reclamacións referidas a ingresos tributarios pola ocupación do dominio público local, e en menor medida polo servizo de recollida de lixos e o servizo de lonxas, mercados e feiras.
- No apartado OUTROS se inclúen a solicitude de fraccionamiento do canon dunha concesión administrativa, a solicitude de devolución dun prezo público, unha liquidación de gastos por execución subsidiaria e un recurso contra a execución.

CADRO IV. CLASIFICACIÓN SEGUNDO FASE RECADATORIA

	TOTAL RECLAMACIONES	%
PERIODO VOLUNTARIO	53	46,9
PERIODO EXECUTIVO	60	53,1

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Luis María Bermúdez de la Puente Villalba